



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Enerxía e Minas

Edificio Advo. San Caetano, s/n - bloque 5 - 4<sup>a</sup> planta  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

**ASOCIACIÓN AUTONÓMICA E  
AMBIENTAL PETÓN DO LOBO**  
Urbanización Barrio de Campo, portal 3, 2<sup>o</sup>A  
36540 Silleda. Pontevedra

**REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
REGISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

**SAÍDA 59415 / RX 750392**



Data 30/05/2016 11:02:53


Ref: MNP/MJMC

**ASUNTO: RESOLUCIÓN SOBRE SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA DO EXPEDIENTE CORRESPONDENTE AO DENOMINADO GRUPO MINEIRO SAN FINX.**

Xunto co presente escrito remítese a resolución sobre a súa solicitude de acceso á información pública do expediente correspondente ao denominado Grupo Mineiro San Finx.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2016  
O director xeral de Enerxía e Minas

Ángel Bernardo Tahoces





## RESOLUCIÓN SOBRE SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA DE EXPEDIENTE.

Examinado o expediente de solicitude de acceso á información pública dos expedientes dos dereitos mineiros do denominado Grupo Mineiro San Finx, resultan os seguintes

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO:** O 6 de agosto de 2015 a Asociación Autonómica e Ambiental Petón do Lobo presenta solicitude de acceso á información pública dos expedientes dos dereitos mineiros de San Finx de Lousame. Dita petición refirese (i) á información da aprobación polo Consello da Xunta de Galicia da concesión dos dereitos mineiros de San Finx á firma Tungsten San Finx S.L.; (ii) ao acceso ao expediente administrativo polo que se aprobou a transmisión da titularidade; (iii) ao acceso ao informe de solvencia da empresa beneficiaria; (iv) ao acceso ao plan de restauración das antigas minas de volframio de San Finx de Lousame. Ademais, solicita a declaración de caducidade dos dereitos mineiros.

**SEGUNDO:** Con data 11 de setembro de 2015 a Dirección Xeral de Enerxía e Minas dálle traslado da solicitude a Tungsten San Finx S.L., titular dos dereitos mineiros, por entender que puideran verse afectados os seus dereitos e intereses, concedéndolle un prazo de 15 días para realizar as alegacións que considerase oportunas; ao mesmo tempo, dítase acordo de suspensión de prazo para resolver a solicitude de acceso, acordo que foi comunicado á Asociación Autonómica e Ambiental Petón do Lobo na mesma data.

**TERCEIRO:** O 9 de outubro de 2015 a sociedade Tungsten San Finx S.L. presenta escrito de alegacións e solicita que se proceda a desestimar a solicitude de acceso á información e documentación presentada pola Asociación Autonómica e Ambiental Petón do Lobo en base aos seus intereses e dereitos legalmente protexidos.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

**PRIMEIRO:** Segundo o disposto nos artigos 17 e 20 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en relación co artigo 16 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia e o artigo 3 da Orde do 10 de decembro de 2014 sobre delegación de competencias en diversos órganos da Consellería de Economía e Industria, corresponde ao director xeral de Enerxía e Minas a resolución da solicitude de acceso a expedientes de dereitos mineiros.

**SEGUNDO:** O artigo 12 da lei 19/2013, do 9 do decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno establece o dereito de acceso á información publica de tódalas persoas nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española.

**TERCEIRO:** O artigo 14 establece as materias que poden xustificar a limitación do dereito de acceso á información pública, entre as que se recollen os intereses económicos e comerciais, o segredo profesional, a propiedade intelectual e industrial e a garantía da confidencialidade ou o



segredo requerido en procesos de toma de decisión. A este listado hai que engadir a protección de datos persoais que, pola súa natureza e especificidade, refírese de maneira separada o artigo 15. Ademais, o artigo 16 recolle a posibilidade de conceder acceso parcial cando parte da información este afectada por algúns dos límites ao acceso.

**CUARTO:** No artigo 18 da lei exclúese do acceso á información con carácter imperativo, entre outros supostos, a información que teña carácter auxiliar ou de apoio como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas.

**QUINTO:** Á vista das alegacións presentadas o 9 de outubro de 2015 por Tungsten San Finx S.L., constátase que na información da que se solicita o acceso obran datos de carácter persoal e outros que, pola súa natureza e contido, afectan (i) aos intereses económicos e comerciais privados da sociedade; (ii) ao segredo profesional e á propiedade intelectual e industrial; (iii) á garantía da confidencialidade e ao segredo requerido nos procesos de toma de decisión. A súa publicidade pode supoñer un dano ao titular destes intereses protexidos.

**SEXTO:** A Asociación Autonómica e Ambiental Petón do Lobo non expón con claridade os motivos polos que formula a súa petición, polo que non se pode apreciar a concorrencia dun interese superior que xustifique o acceso á información suxeita ás limitacións sinaladas, mais tendo en conta que non se obtivo o consentimento para elo de Tungsten San Finx S.L., titular dos intereses protexidos, e que a súa publicidade pode causar un dano a este.

**SETIMO:** O procedemento para a declaración de caducidade de concesións de explotación de recursos da sección C) ven regulado no artigo 86 da lei 22/1973, de 21 do xullo, de Minas e no artigo 109 do Regulamento para o Régime da Minería que a desenvolve.

**OITAVO:** A Asociación Autonómica e Ambiental Petón do Lobo non acredita capacidade suxetiva para incoar a solicitude de declaración dos dereitos mineiros. Ademais, da información que consta nos expedientes non se aprecia que concorran as causas manifestadas na solicitude e, polo tanto, non se aprecian razóns que motiven a incoación de oficio do procedemento solicitado.

Polo exposto,

Vista a tramitación administrativa da solicitude, a lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, a lei 22/1973, de 21 do xullo, de Minas e o seu regulamento, a lei 30/92, do 26 de novembro, do Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e demás normativa de aplicación,

## RESOLVO

- 1) Informar que no Consello da Xunta de 31 do xullo de 2015 a Consellería de Economía, Emprego e Industria deu conta do proxecto mineiro San Finx. O resumo desta información xúntase en formato papel.
- 2) Conceder o acceso parcial ao expediente polo que se transmitiu a titularidade dos dereitos mineiros en aquela parte non afectada polas limitacións e intereses legalmente protexidos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Enerxía e Minas

Edificio Advo. San Caetano, s/n - bloque 5 - 4<sup>a</sup> planta  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

nos ámbitos sinalados nas consideracións legais e técnicas. A información á que se concede o acceso relaciónnase a continuación:

- a. Copia da solicitude presentada por Tungsten San Finx S.L., omitidos os datos de carácter persoal.
  - b. Copia da Resolución de autorización da transmisión das concesións de explotación que integran o Grupo Mineiro San Finx, no concello de Lousame, da provincia da Coruña, omitidos os datos de carácter persoal.
- 3) Denegar o acceso ao informe de solvencia da empresa beneficiaria por non contar coa debida autorización do seu titular, xa que coa súa publicidade pódense vulnerar intereses económicos e comerciais privados da sociedade legalmente protexidos.
- 4) Denegar o acceso ao plan de restauración das minas de Lousame por non contar coa debida autorización do seu titular e poder coa súa publicidade vulnerar dereitos e intereses legalmente protexidos no ámbito da propiedade industrial ou intelectual. Non obstante, xúntase un resumo detallado do seu contido.
- 5) Arquivar sen mais trámite a solicitude de declaración de caducidade dos dereitos mineiros de San Finx de Lousame por non apreciar causa que xustifique a incoación de oficio dese procedemento.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa, ou ben, recurso potestatiyo de reposición ante o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, no prazo dun mes para contar desde a mesma data, de acordo co establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen prexuízo da posibilidade de interposición da reclamación potestativa prevista no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno ou calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2016

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria

P.D. Orde do 10 de decembro de 2014 - DOG nº 3, de 07/01/2015

O director xeral de Enerxía e Minas

Ángel Bernardo Tahoces



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DA CORUÑA  
CORUÑA

Data: 23/06/2015 11:20:55

ENTRADA 91542 / RX 1192484



PROCEDIMENTO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
AUTORIZACIÓN PARA A TRANSMISIÓN DE DEREITOS MINEIROS	JN308A	SOLICITUDE

DATOS DO/DA SOLICITANTE

NOMBRE	TUNGSTEN SAN FINX SL	CIF/N.I.E.	[REDACTED]
DIRECCIÓN	[REDACTED]	PROVINCIA	[REDACTED]
LOCALIDAD	[REDACTED]	CÓDIGO POSTAL	[REDACTED]
		TELÉFONO	[REDACTED]
		FAX	[REDACTED]

E na súa representación:

APELLIDOS	NAME	DNI
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
DIRECCIÓN	PROVINCIA	
[REDACTED]	[REDACTED]	
LOCALIDAD	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- PROXECTO DE CONTRATO QUE SE VAJA ASINAR OU TÍTULO DE TRANSMISIÓN POR TRIPLOADO.
- DOCUMENTOS QUE ACREDITEN QUE O ADQUIRIENTE REÚNE AS CONDICIONES PARA SER TITULAR DE DEREITOS MINEIROS.

OBSERVACIONES:

ADXUNTASE UNHA INSTANCIA PROPIA COA DOCUMENTACIÓN ANEXA INDICADA NA MESMA

LEXISLACIÓN APLICABLE	(A cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
ESTATAL: Lei 22/73 do 21 de xullo. Decreto 2857/78 do 25 de agosto.	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA (I)	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA
En	A Coruña, a 18 de Junio de 2015	

Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Innovación e Industria

(1) A sustituir por ambas as dúas partes en caso de recursos A e B.

•

**A LA JEFATURA TERRITORIAL DE A CORUÑA DE LA CONSELLERÍA DE  
ECONOMÍA E INDUSTRIA DE LA XUNTA DE GALICIA**

**ASUNTO: TRANSMISIÓN DE DERECHOS MINEROS Y SUBROGACIÓN EN EXPEDIENTES  
ADMINISTRATIVOS:**

- Concesión de Explotación "Phoenicia", nº 124.
- Concesión de Explotación "La Pilara", nº 127.
- Concesión de Explotación "Spes", nº 253.
- Concesión de Explotación "Pilara Segunda", nº 335.
- Concesión de Explotación "Phoenicia II", nº 336.
- Concesión de Explotación "Ampliación", nº 586.
- Concesión de Explotación "Demasía a Phoenicia", nº 607.
- Concesión de Explotación "Ampliación a Phoenicia", nº 783.
- Concesión de Explotación "Demasía a Phoenicia", nº 1038.
- Concesión de Explotación "La Impertinente", nº 1092.
- Concesión de Explotación "Phoenicia Tercera", nº 1207.
- Concesión de Explotación "Demasía a Ampliación", nº 1217.
- Concesión de Explotación "Demasía a Pilara", nº 1218.
- Concesión de Explotación "Demasía a Phoenicia II", nº 1219.
- Concesión de Explotación "Demasía a Impertinente", nº 1240.
- Concesión de Explotación "Demasía a Phoenicia III", nº 1241.
- Concesión de Explotación "Pilarica", nº 1323.
- Concesión de Explotación "Flafita", nº 1461.
- Concesión de Explotación "Ernesto", nº 1529.
- Concesión de Explotación "Susana", nº 1687.
- Concesión de Explotación "Glandarela", nº 6091.
- Solicitud de renovación y prórroga de la Concesión de Explotación "Glandarela", nº 6091, de 22 de diciembre de 2009.
- Proyecto de explotación del Grupo Minero San Finx, de febrero de 2009.
- Proyecto de restauración de Grupo Minero San Finx, de febrero de 2009.
- Proyecto de mejora de instalaciones de tratamiento del Grupo Minero San Finx, de diciembre de 2008.
- Plan de labores 2015 del Grupo Minero San Finx.
- Plan de Seguridad y Salud vigente.

D. [REDACTED], mayor de edad, con D.N.I. número [REDACTED], en nombre y representación de [REDACTED], con C.I.F. [REDACTED] y domicilio en Santiago de Compostela (A Coruña), [REDACTED]  
[REDACTED] de INCREMENTO GRUPO INVERSOR, S.L., [REDACTED]  
con C.I.F. [REDACTED] y domicilio en [REDACTED] (A Coruña), [REDACTED]  
[REDACTED] según consta en el procedimiento de concurso voluntario que se sigue ante el Juzgado de lo Mercantil nº 2 de A Coruña con el número de autos 315/2013-M.

Y [REDACTED] mayor de edad, con D.N.I. número [REDACTED] actuando en nombre y representación de la sociedad TUNGSTEN SAN FINX, S.L., con C.I.F. [REDACTED] y domicilio social en [REDACTED] quedando acreditada su personalidad y la representación que aquél ostenta mediante la escritura que se acompaña como **Anexo 1**.

Ante la Jefatura Territorial de A Coruña de la Consellería de Economía e Industria de la Xunta de Galicia,

#### EXPONEN

I.- Que TUNGSTEN SAN FINX, S.L., en virtud de escritura de compraventa suscrita con fecha 17 de junio de 2015, que se adjunta como **Anexo 2**, ha adquirido a INCREMENTO GRUPO INVERSOR, S.L., las siguientes Concesiones de Explotación sitas en Lousame, provincia de A Coruña:

- Concesión de Explotación "Phoenicia", nº 124.
- Concesión de Explotación "La Pilara", nº 127.
- Concesión de Explotación "Spes", nº 253.
- Concesión de Explotación "Pilara Segunda", nº 335.
- Concesión de Explotación "Phoenicia II", nº 336.
- Concesión de Explotación "Ampliación", nº 586.
- Concesión de Explotación "Demasía a Phoenicia", nº 607.
- Concesión de Explotación "Ampliación a Phoenicia", nº 783.
- Concesión de Explotación "Demasía a Phoenicia", nº 1038.
- Concesión de Explotación "La Impertinente", nº 1092.
- Concesión de Explotación "Phoenicia Tercera", nº 1207.
- Concesión de Explotación "Demasía a Ampliación", nº 1217.
- Concesión de Explotación "Demasía a Pilara", nº 1218.
- Concesión de Explotación "Demasía a Phoenicia II", nº 1219.
- Concesión de Explotación "Demasía a Impertinente", nº 1240.
- Concesión de Explotación "Demasía a Phoenicia III", nº 1241.
- Concesión de Explotación "Pilarica", nº 1323.
- Concesión de Explotación "Flafita", nº 1461.
- Concesión de Explotación "Ernesto", nº 1529.
- Concesión de Explotación "Susana", nº 1687.
- Concesión de Explotación "Glandarela", nº 6091.

Se acompaña, como **Anexo 3**, Informe de la Jefatura Territorial de A Coruña de la Consellería de Economía e Industria de la Xunta de Galicia, de 15 de noviembre de 2013, sobre Derechos Mineros.

Estos derechos mineros, así como otros bienes y derechos vinculados a la Mina de San Finx, fueron adjudicados a TUNGSTEN SAN FINX, S.L., previa subasta notarial en el marco del concurso de acreedores de INCREMENTO GRUPO INVERSOR, S.L., seguido ante el Juzgado de lo Mercantil nº 2 de A Coruña con el número de autos 315/2013-M.

Asimismo, es interés de TUNGSTEN SAN FINX, S.L., subrogarse, en virtud de la citada compraventa, en la posición de INCREMENTO GRUPO INVERSOR, S.L., en los expedientes administrativos relativos a (i) la solicitud de renovación y prórroga de la Concesión de Explotación "Glandarela", nº 6091, presentada el 22 de diciembre de 2009; (ii) Proyecto de explotación del Grupo Minero San Finx, presentado en febrero de 2009; (iii) Proyecto de restauración del Grupo Minero San Finx, presentado en febrero de 2009; (iv) Proyecto de mejora de instalaciones de tratamiento del Grupo Minero San Finx, presentado en diciembre de 2008; (v) Plan de labores 2015 del Grupo Minero San Finx; (vi) Plan de Seguridad y Salud vigente, así como otros proyectos o trámites aprobados y/o en curso, asumiendo cuantas manifestaciones se han formulado en los mismos, sin perjuicio de cualquier otras adicionales que estimásemos procedentes.

II.- Que TUNGSTEN SAN FINX, S.L., tiene interés en desarrollar las concesiones de explotación y los proyectos indicados en el Expositivo I anterior.

III.- Que de conformidad con lo dispuesto en el artículo 102.2 del Reglamento General para el Régimen de la Minería, aprobado por Real Decreto 2857/1978, de 25 de agosto, se acompaña al presente escrito copia por triplicado de los siguientes documentos:

- Copias de la escritura de compraventa en la que se incluye las Concesiones de Explotación objeto de la presente solicitud (**Anexo 2**):
  - Concesión de Explotación "Phoenicia", nº 124.
  - Concesión de Explotación "La Pilara", nº 127.
  - Concesión de Explotación "Spes", nº 253.
  - Concesión de Explotación "Pilara Segunda", nº 335.
  - Concesión de Explotación "Phoenicia II", nº 336.
  - Concesión de Explotación "Ampliación", nº 586.
  - Concesión de Explotación "Demasía a Phoenicia", nº 607.
  - Concesión de Explotación "Ampliación a Phoenicia", nº 783.
  - Concesión de Explotación "Demasía a Phoenicia", nº 1038.
  - Concesión de Explotación "La Impertinente", nº 1092.
  - Concesión de Explotación "Phoenicia Tercera", nº 1207.
  - Concesión de Explotación "Demasía a Ampliación", nº 1217.
  - Concesión de Explotación "Demasía a Pilara", nº 1218.
  - Concesión de Explotación "Demasía a Phoenicia II", nº 1219.
  - Concesión de Explotación "Demasía a Impertinente", nº 1240.
  - Concesión de Explotación "Demasía a Phoenicia III", nº 1241.
  - Concesión de Explotación "Pilarica", nº 1323.
  - Concesión de Explotación "Flafita", nº 1461.

- o Concesión de Explotación "Ernesto", nº 1529.
  - o Concesión de Explotación "Susana", nº 1687.
  - o Concesión de Explotación "Glandarela", nº 6091.
- Copia del escrito presentado por INCREMENTO GRUPO INVERSOR, S.L., (**Anexo 4**) en relación con el expediente administrativo relativo a la solicitud de renovación y prórroga de la Concesión de Explotación "Glandarela", nº 6091, presentada el 22 de diciembre de 2009.
  - Copia de la/s resolución/es de aprobación de los proyectos, dictada por la Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas de la Consellería de Economía e Industria de la Xunta de Galicia en fecha 28 de diciembre de 2009 (**Anexo 5**).
  - Documentación económica y bancaria acreditativa de que TUNGSTEN SAN FINX, S.L., tiene capacidad económica y financiera suficiente para hacer frente a este proyecto (**Anexo 6**).
  - Documentación de solvencia técnica (relación de personal técnico del que dispone, acreditativa de que TUNGSTEN SAN FINX, S.L., tiene capacidad técnica suficiente para el desarrollo de los trabajos (**Anexo 7**).
  - Escritura de constitución de TUNGSTEN SAN FINX, S.L. (**Anexo 1**).
  - C.I.F. de TUNGSTEN SAN FINX, S.L. (**Anexo 1**).
  - D.N.I. del representante de TUNGSTEN SAN FINX, S.L. (**Anexo 1**).

IV.- Que los intervinientes fijan a efecto de notificaciones el domicilio de TUNGSTEN SAN FINX, S.L., [REDACTED]

Que de conformidad con cuanto antecede,

**SOLICITAN A LA JEFATURA TERRITORIAL DE A CORUÑA DE LA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DE LA XUNTA DE GALICIA:** Se sirva admitir el presente escrito, junto con los documentos que se acompañan y, en atención a cuanto en él se expone, proceda a autorizar la transmisión formalizada entre INCREMENTO GRUPO INVERSOR, S.L., y TUNGSTEN SAN FINX, S.L., de las Concesiones de Explotación referidas en el Expositivo I, y se inscriban en el Libro-Registro a favor de TUNGSTEN SAN FINX, S.L.; así como se acuerde la subrogación de dicha sociedad en la posición de INCREMENTO GRUPO INVERSOR, S.L., en los expedientes administrativos relativos a (i) la solicitud de renovación y prórroga de la Concesión de Explotación "Glandarela", nº 6091, presentada el 22 de diciembre de 2009; (ii) Proyecto de explotación del Grupo Minero San Finx, presentado en febrero de 2009; (iii) Proyecto de restauración del Grupo Minero San Finx, presentado en febrero de 2009; (iv) Proyecto de mejora de instalaciones de tratamiento del Grupo Minero San Finx, presentado

én diciembre de 2008; (v) Plan de labores 2015 del Grupo Minero San Finx; (vi) Plan de Seguridad y Salud vigente, asumiendo cuantas manifestaciones se han formulado en los mismos, sin perjuicio de cualquier otras adicionales que estimásemos procedentes.

En A Coruña, a 18 de junio de 2015.

TUNGSTEN SAN FINX, S.L.

INCREMENTO GRUPO INVERSOR, S.L., en



XUNTA DE GALICIA  
DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DA CORUÑA  
Xefatura Territorial da Consellería de  
Economía e Industria

Edificio Administrativo Monelos  
Praza Luís Seoane, s/n, 1º e 2º andar  
15071 A CORUÑA

galicia

## Proposta de autorización da transmisión das concesións de explotación que integran o Grupo Mineiro San Finx, no concello de Lousame, da provincia da Coruña.

### Datos do expediente.

**Explotación:** Grupo Mineiro San Finx  
**Peticionarios:** *Tungsten San Finx, SL, e Incremento Grupo Inversor, SL.*  
**Actividade:** Explotación de estaño e wolframio  
**Localización:** Lousame

### FEITOS

**PRIMEIRO:** O 23/06/2015 Tungsten San Finx, SL, con CIF [REDACTED], e Incremento Grupo Inversor, SL, solicitaron a transmisión das concesións de explotación que integran o Grupo Mineiro San Finx a favor da primeira. A primeira actúa por medio de [REDACTED] da sociedade Tungsten San Finx, SL. A segunda por medio de [REDACTED] en calidad de [REDACTED] de Incremento Grupo Inversor, SL ([REDACTED]).

Tamén solicitan a transmisión ou subrogación en outros expedientes: solicitude de prórroga da concesión de explotación “Glandarela, 6091”, proxecto de explotación do Grupo Mineiro San Finx, de febreiro do 2009, proxecto de restauración do Grupo Mineiro San Finx, de febreiro do 2009, proxecto de mellora das instalacións de tratamento do Grupo Mineiro San Finx, de decembro do 2008, plan de labores do 2015, plan de Seguridade e Saúde vixente, e outros proxectos ou trámites aprobados e/ou en curso.

Acompañan á solicitude a documentación esixida polo artigo 123 do *Real Decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral para o réxime da minería (RXRM)*, e polo 17 da *Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia (LOMG)*:

- título de transmisión
- xustificación da solvencia técnica e económica
- presenta unha solicitude de subrogación nos proxectos aprobados ó titular anterior: Proxecto de Explotación, Plan de Restauración e Proxecto de mellora das instalacións de tratamento do Grupo Mineiro San Finx.

Non se presenta o estudio económico do seu financiamento, incluíndo garantías sobre a súa viabilidade, porque se propón o financiamento con medios propios, sen financiamento alleo.

**SEGUNDO:** A Resolución da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas do 30/12/2008 autorizou o cambio de dominio das concesións de explotación que se indican a continuación,



constituíntes do Grupo Mineiro San Finx, dende a titularidade da Comunidade de Herdeiros de Gabriel Pérez Fernández ata a sociedade *Incremento Grupo Inversor, SL.*: “Phoenicia, 124”, “Demasia a GM San Finx, 124.1”, “La Pilara, 127”, “Spes, 253”, “Pilara II, 335”, “Phoenicia II, 336”, “Ampliación, 586”, “Demasia a Phoenicia, 607”, “Ampliación a Phoenicia, 783”, “Demasia a Phoenicia, 1038”, “La Impertinente, 1092”, “Phoenicia III, 1207”, “Demasia a Ampliación, 1217”, “Demasia a La Pilara, 1218”, “Demasia a Phoenicia II, 1219”, “Demasia a La Impertinente, 1240”, “Demasia a Phoenicia III, 1241”, “Pilarica, 1323”, “Flafita, 1461”, “Ernesto, 1529”, “Susana, 1687”, e “Glandarela, 6091”.

**TERCEIRO:** Os dereitos mineiros que componen o Grupo Mineiro San Finx foron consolidados nos termos da Disposición Transitoria Primeira da LM por un prazo de noventa anos, con data 21 de xullo de 1978, coa excepción da concesión de explotación Glandarela, 6091, que foi outorgada con data 23 de xaneiro de 1984. Respecto a esta concesión de explotación hai presentada unha solicitude de prórroga de data 22 de decembro do 2010.

**CUARTO:** *Incremento Grupo Inversor, SL*, presentou o 16/03/2009 un Proxecto de Restauración, un Proxecto de Explotación e tamén presentou o “Proyecto de mejora de las instalaciones de tratamiento del Grupo Minero San Finx”. Estes tres proxectos foron autorizados mediante Resolución do Director Xeral de Industria, Enerxía e Minas do 28/12/2009.

**QUINTO:** A transmisión das concesións de explotación foi informada favorablemente polos servizos técnicos da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

**PRIMEIRO:** A Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, establece no seu artigo 16 que “[...] o órgano mineiro competente é a persoa titular da consellería competente en materia de minas da Comunidade Autónoma de Galicia, a quem lle corresponde outorgar os dereitos mineiros, autorizar as súas modificacións, transmisións, renovacións e prórrogas, declarar a súa caducidade [...]”.

A Orde do 10 de decembro do 2014, da Consellería de Economía e Industria, sobre delegación de competencias en diversos órganos desta consellería, delega no seu artigo 3, na Dirección Xeral de Enerxía e Minas, o despacho e resolución de asuntos en materia de dereitos mineiros.

Segundo a Orde do 24 de abril de 2013, sobre delegacións de competencias da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Economía e Industria, delégase nas xefaturas territoriais, no seu ámbito provincial, as funcións da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas en materia de planificación e ordenación mineira relativa a instrución e elaboración da proposta de resolución nos procedementos de declaración da caducidade dos dereitos mineiros.



**SEGUNDO:** A Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas (LM), contempla no seu artigo 97 a transmisión de dereitos mineiros, e no 95 o procedemento para tramita-la transmisión, con referencias ós artigos 47 e 48.

O RXRM desenvolve os aspectos relativos á transmisión de concesións de explotación no artigo 123.

A LOMG establece no seu artigo 17 as formas de xustificación da solvencia técnica e económica.

**TERCEIRO:** O artigo 100 da LM establece que na transmisión de dereitos mineiros o novo titular queda comprometido polos plans de labores e proxectos aprobados.

**CUARTO:** Da análise da solicitude de transmisión de dereitos mineiros presentada, da documentación que obra no expediente administrativo, e do informe emitido pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria, constátase que a sociedade adquirinte reúne as condicións legais, técnicas e económicas establecidas na normativa vixente para autoriza-la transmisión dos dereitos mineiros solicitada.

Polo exposto, visto o expediente administrativo, a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, o Regulamento xeral para o réxime da minaría, do 25 de agosto de 1978 e demais normativa de aplicación,

## PROPOÑO

**Autoriza-la transmisión** das concesións de explotación "Phoenicia, 124", "Demasia a GM San Finx, 124.1", "La Pilara, 127", "Spes, 253", "Pilara II, 335", "Phoenicia II, 336", "Ampliación, 586", "Demasia a Phoenicia, 607", "Ampliación a Phoenicia, 783", "Demasia a Phoenicia, 1038", "La Impertinente, 1092", "Phoenicia III, 1207", "Demasia a Ampliación, 1217", "Demasia a La Pilara, 1218", "Demasia a Phoenicia II, 1219", "Demasia a La Impertinente, 1240", "Demasia a Phoenicia III, 1241", "Pilarica, 1323", "Flafita, 1461", "Ernesto, 1529", "Susana, 1687", e "Glandarela, 6091", todas elas como integrantes do **Grupo Mineiro San Finx**.

A Coruña, 16 de xullo de 2015.

O director xeral de Enerxía e Minas (P. D. o xefe territorial, Orde do 24/04/2013)

Isidoro Martínez Arca

Vista a proposta de Resolución que antecede, doulle a miña conformidade nos termos expostos, elevándoa a **RESOLUCIÓN**.



XUNTA DE GALICIA  
DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DA CORUÑA  
Xefatura Territorial da Consellería de  
Economía e Industria

Edificio Administrativo Monelos  
Praza Luís Seoane, s/n, 1º e 2º andar  
15071 A CORUÑA

galicia

Esta autorización está condicionada á presentación na Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria da seguinte documentación:

- Comunicar no prazo de 15 días, dende que se reciba a notificación da presente resolución, a proposta de director facultativo da explotación.
- Acreditar, no prazo dun mes, o pago do imposto correspondente á transmisión.
- O adquirinte deberá presentar a garantía financeira que determine a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria para garantir a rehabilitación do espazo afectado pola actividade mineira.

O adquirinte está suxeito ás condicións establecidas no outorgamento, ás disposicións da legislación mineira, e desenvolverá o plan de labores aprobado e tódalas obrigas que corresponden ó titular do dereito mineiro.

A Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria deberá efectua-la correspondente inscrición no Rrexistro Mineiro de Galicia.

Debe trasladarse o contido desta Resolución á axencia tributaria estatal.


Notifíquese á sociedade *Tungsten San Finx, SL*, esta resolución, segundo o esixido polo artigo 58.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor directamente recurso contencioso – administrativo ante a sala do contencioso – administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispón o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso – administrativa, ou ben recurso potestativo de reposición ante o Conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispón o artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que consideren procedente.

Santiago de Compostela, 27 XULL. 2015

O conselleiro de Economía e Industria (P. D. o director xeral de Enerxía e Minas, Orde do 10/12/2014)

Ángel Bernardo Tahoces



## O PROXECTO MINEIRO DE SAN FINS SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 10 MILLÓNS EN DOUS ANOS E A CREACIÓN DE 60 EMPREGOS DIRECTOS E 240 INDIRECTOS

- *Tungsten San Finx, sociedade pertencente a Valoriza Minería, obtén a titularidade dos dereitos mineiros para reactivar unha mina histórica con capacidade para xerar emprego e riqueza en Lousame incentivando a economía local*
- *O proxecto establece a mecanización das operacións da mina, empregando as técnicas más avanzadas na extracción de estaño e volframio, e garantindo o desenvolvemento dunha minería segura, respectuosa coa súa contorna e co ambiente*
- *A Unión Europea, no marco do Horizonte 2020, considera estes dous minerais como materiais estratégicos debido á súa importancia industrial e á necesidade de abastecemento*
- *O investimento previsto inclúe unha campaña de sondaxes para aumentar as reservas e a mellora da planta de tratamento para incrementar a capacidade produtiva*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o novo proxecto mineiro de San Fins, que será desenvolvido pola empresa Tungsten San Finx, pertencente a Valoriza Minería, do Grupo Sacyr. Este proxecto, situado no concello coruñés de Lousame, permitirá a extracción de estaño e volframio contando cun investimento, para o período 2015-2016, de 10 millóns de euros, o que permitirá crear 60 postos de traballo directos e 240 indirectos.

O Goberno galego prosegue así coa súa aposta por poñer en valor os recursos mineiros cos que conta a Comunidade, facilitando o retorno da actividade nunha das minas históricas de Galicia na que se ten producido estaño e volframio desde finais do século XIX, e na que se realizaban traballos de extracción desde o ano 2012. Deste xeito, garántese a xeración de emprego e riqueza, beneficiando tanto a poboación de Lousame como ás vilas adxacentes e á bisbarra do Barbanza.

Neste sentido, a empresa, tras obter a titularidade dos dereitos mineiros, comezará en próximas datas os procesos de selección de persoal e os labores encamiñados a poñer en valor a explotación, coa meta de iniciar a actividade a comezos do 2016. Para acadar este obxectivo, previamente realizaranse os labores experimentais correspondentes, dotándose á continuación a mina da maquinaria necesaria, para o que se empregarán as técnicas más avanzadas na extracción destes minerais garantindo desta forma o desenvolvemento dunha minería segura, respectuosa coa súa contorna e co ambiente.

O investimento previsto inclúe tamén unha campaña de sondaxes para aumentar as reservas e a mellora da planta de tratamento de cara a incrementar a capacidade produtiva. Así mesmo, realizarase o desenvolvemento mineiro oportuno para chegar aos niveis de producción considerados, poñendo en funcionamento o pozo e habilitando unha nova rampla para facilitar a extracción do estaño e o volframio.



## EXTRACTO DOS PROXECTOS DO GRUPO MINEIRO SAN FINX

Na actualidade a actividade mineira no denominado Grupo Mineiro San Finx estase a desenvolver segundo un proxecto de explotación por minería subterránea, un proxecto de mellora das instalacións de tratamento e un proxecto de restauración dos espazos afectados.

O proxecto de explotación, continuando co avance das labores existentes, define os traballos de extracción por minería subterránea para o aproveitamento de mineral de estaño e volframio, cuantificando por zonas as reservas de mineral que áinda restan por explotar en 525.500 m<sup>3</sup>, o que equivale a 2.102.000 t de todo-un, que cunha lei de 4 kg de metal por t de mena, corresponden a 12.296 t de metal.

O plan xeral de explotación previsto para o xacemento prevé unha primeira fase de acondicionamento e preparación, na que se procederá a limpeza e acondicionamento de galerías e accesos, así como á reparación e substitución de parte do sostemento en zonas de paso obrigado.

No anexo I do proxecto proxéctanse as labores concretas de recuperación da galería transversal de acceso ao 4º andar, denominada “Buenaventura”.

A continuación deberá realizarse un avance das guías do 4º andar para dar acceso ás reservas.

O método de explotación ao inicio da explotación, o que realizou o anterior titular Incremento Grupo Inversor SL, é o tradicional de sobreaguías con abandono de chaves, mediante perforación con martelo manual pneumático e voadura; introducíndose paulatinamente a mecanización, de xeito que finalmente o arrinque sexa totalmente mecanizado, por explotación con rampla con autorecheo, empregando perforadora e pa cargadora.

O proxecto comeza os traballos de explotación na planta 4<sup>a</sup>, continuando coa realización dun plano inclinado de acceso aos andares 6º e 7º, de xeito que se poda proseguir a explotación con estes. Este novo acceso partirá da bocamina de Buenaventura, non afectando ningunha zona nova en superficie, prolongándose posteriormente ata chegar ao 8º andar.



A explotación continuará nos andares 1º e 3º. Os accesos a ambos andares realizarase mediante un transversal e un novo plano inclinado que parten dunha zona xa alterada denominada desmonte de Castiñeiro.

A última fase de explotación será a do 9º andar, ao que se accederá mediante unha prolongación do plano inclinado de acceso ao 8º andar.

As instalacións en superficie aproveitarán as edificacións existentes e estanse mellorando as instalacións da planta de tratamento que non varía as características básicas do existente anteriormente, dividido nos subprocesos gravimétrico, de flotación e separación magnética.

Para definir a rehabilitación das zonas afectadas pártese dun inventario do medio existente na actualidade; en base a este analízanse os posibles usos potenciais dos terreos a restaurar, chegando á conclusión de que esta restauración debe planearse orientada ao uso forestal, en concordancia co uso actual dos terreos que a rodean.

No que respecta á recuperación dos terreos, nunha primeira fase, procederase á eliminación da entulleira existente, procedéndose á extracción dos materiais acumulados, dos que se recuperarán os metais que aínda conteñen e se aproveitaran os estériles como áridos para construcción, de maneira que toda a superficie actualmente ocupada pola entulleira quedará desafectada.

Unha vez eliminados estes materiais procederase á descompactación dos terreos, coa excepción dos que se van a destinar a aprovisionamentos; a continuación realizarase un aporte de terra vexetal coa posterior revestación, baseada en sementación de especies herbáceas e plantación de especies arbóreas e arbustivas.

De esta forma a superficie afectada consistirá únicamente nas edificacións e o acceso á bocamina xa existentes.